

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e vinte cinco minutos do día catro de febreiro de dous mil vinte e un, reúnese en primeira convocatoria a Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria correspondente a este día. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Subín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa (sistema videoconferencia). Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro (sistema videoconferencia) e do interventor do Concello don Manuel Larrosa Rodríguez; sesión que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN: 10.12.20

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a acta da sesión do 10.12.20.

2º.-APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2021/3.

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elabórese a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/3 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 3 facturas ascende á cantidade de NOVE MIL SEISCENTOS CINCUENTA EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (9.650,19 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2021/3 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 9.650,19 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

Vista a anterior proposta de Alcaldía así coma a relación de facturas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade e votación ordinaria acordou a súa aprobación.

3º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2021/4.

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/4 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 2 facturas ascende á cantidade de CINCUENTA E NOVE MIL OITOCENTOS SESENTA E TRES EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (59.863,61 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2021/4 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 59.863,61 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

Vista a anterior proposta de Alcaldía así coma a relación de facturas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade e votación ordinaria acordou a súa aprobación.

4º.- SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA A TRAVÉS DO PROGRAMA FO2006/2021 SUBVENCIÓN PARA “MANTEMENTO DO POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO MUNICIPAL EN XESTIÓN CULTURAL”

“Vistas as *Bases Reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2021* publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 5 de data 11 de xaneiro de 2021, sendo de gran interese para esta alcaldía solicitar subvención para mantemento do persoal técnico en Xestión Cultural.

PROPONSE,

Participar en dita convocatoria de subvención e solicitar á Deputación da Coruña a través do programa FO206/2021 subvención para “Mantemento de posto de traballo de técnico municipal en xestión cultural” ó abeiro da citada convocatoria.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, de xaneiro de 2021.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

5º.- CONCESIÓN DE ANTICIPO REINTEGRABLE A PERSOAL FUNCIONARIO SEGUNDO ACORDO REGULADOR

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

“Vista a solicitude presentada por D. **[REDACTED]** en data 01/02/2021, funcionario do Concello de Valdoviño, no que solicita a concesión dun anticipo reintegrable de catro mensualidades, trasládase a documentación indicada á Intervención Municipal e solicítase verbalmente que emita informe de fiscalización da previa.

Dando constancia do indicado da conta da existencia de crédito, previa a oportuna modificación de crédito para dotar a parte restante sobre os 4.048,66 dispoñibles na aplicación 920 830 00, en consecuencia visto o importe que supón, propónse:

PRIMEIRO: Conceder un anticipo de 11.931,16 € (*importe correspondente a catro mensualidades dos seus haberes totales brutos*) a don **[REDACTED]**, de acordo co establecido no artigo 20 do acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios e funcionarias do Concello de Valdoviño, a devolver en 40 mensualidades.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O Alcalde;

Asdo; Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

6.-EXPEDIENTES DE URBANISMO

A.-Licenza de primeira ocupación de vivenda

PROPOSTA DE ALCALDIA

“ **Expte 07/2020.- FRANCISCO JOSÉ ALONSO SANTALLA.-** Para a licenza de primeira ocupación de vivenda sita no lugar de **[REDACTED]**, parroquia de **[REDACTED]**,

Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 186/2019, licenza concedida en X.G.L. de data 20 de marzo de 2020.

Visto o informe do arquitecto municipal de 29 de xaneiro de 2021 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licencia de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Conceder ao petionario Francisco José Alonso Santalla a licencia de 1ª ocupación de vivenda ubicada no lugar de ██████ parroquia de ██████, Valdoviño, segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

2º.- Practicaráselle a liquidación (taxa) por expedición de licencia de 1ª ocupación, con importe de 75,20 euros.

3º.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite.

En Valdoviño, 2 de febreiro de 2021.

O alcalde,

Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a licenza de 1ª ocupación anteriormente transcrita.

B.-Licenza de parcelación

PROPOSTA DE ALCALDIA

“Expte. de parcelación 02/2020.- JOSÉ FONTICOPA PARDO.- Para licencia de parcelación de finca cuxa referencia catastral correspóndese co número 15088A501018790000GX, e se corresponde coa parcela ██████ do polígono nº ██████ do plano parcelario do catastro de rústica deste concello e tamén coa parte da parcela nº ██████ do polígono nº ██████ do plano xeral da Concentración Parcelaria da parroquia de Lago (Valdoviño), en solo clasificado e cualificado como , **Porción A : SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL – ZONA EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA nunha superficie de 1.366 m² e Porción B: SOLO NON URBANIZABLE COMÚN nunha superficie de 997 m².** En total ten unha superficie de 2.363 m².

E de acordo coa documentación técnica achegada polo arquitecto don Antonio Piñeiro Conchado e a técnica superior en topografía e urbanismo dona Paula Freire Dopico.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 2 de febreiro de 2021 e da secretaria municipal da mesma data..

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licencia de parcelación solicitada, nas condicións que figuran no informe do Arquitecto Municipal de data 2 de febreiro de 2021 do que se adxuntará copia, así como a documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Don Antonio Piñeiro Conchado e a técnica superior en topografía e urbanismo dona Paula Freire Dopico.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 26,86 €.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

Valdoviño, 03 de febreiro de 2021
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a licenza de parcelación anteriormente transcrita.

7º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: PROXECTO DE MELLORA NO SANEAMENTO DE LAGO.-

Expte.- 2020/C003/000003

A Xunta de Goberno Local de data 01.10.20, aprobou expediente de contratación e comezo de adjudicación da obra: “Proxecto de mellora no saneamento de Lago”; incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+2020) e financiada ao 100% pola Deputación Provincial.

Proxecto redatado por José Manuel Saavedra Pantín, arquitecto técnico Colexiado 978 COAATAC. Importe total proxecto: 64.443,33 euros (IVE incluído); IVE: 11.531,49€; prezo sen IVE: 54.911,84€.

Realizada a publicación da Licitación na Plataforma de Contratos do Estado onde se aloxa o perfil do contratante, presentadas as ofertas, en sesión de 24.10.20 a Mesa de Contratación abriu e examinou a documentación do sobre “A”, resultando que das empresas presentadas requeriuse a tres delas presentación de documentación. Na sesión da Mesa de Contratación de 13 de novembro/2020 examinouse a documentación administrativa requerida e aportada, resultando finalmente que todas as empresas licitadoras presentaron a documentación completa e correcta, quedando admitidas na licitación.

Tamén en sesión de data 13.11.20, a Mesa de Contratación celebra sesión para apertura das ofertas económicas, contidas no sobre “C”, e procede á valoración das ofertas, co Programa de Valoración de Ofertas da Deputación Provincial da Coruña, empregando como prezo de licitación a cantidade do proxecto sen IVE: 54.911,84 euros, resultando:

CIF: B70033261 ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E CONSTRUCCION SL:

- 100% prezo . Valor introducido polo licitador: 49364.0 .- Baixa (%): 10,10.-
Puntuación: 47,13

CIF: B15840861 BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 49449.2.- Baixa (%): 9,95.-
Puntuación:46,43

CIF: b32139784 CONSTRUCCIONES DALAMA S.L. :

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 47938.04 .- Baixa (%): 12,70.-
Puntuación: 59,27

CIF: B15677024 ELECTRICIDAD PERMUY S.L.:

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 44478.59 .- Baixa (%): 19,00%).-
Puntuación: 82,00

CIF: B15590581 ESQUEIRO, S.L.:

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 48189.16 .- Baixa (%): 12,24.-
Puntuación: 57,12

CIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.:

- 100% prezo Valor introducido por el licitador: 42727.27 .- Baixa (%): 22,19
(Temeraria).- Puntuación: 91,57

CIF: B15480403 OCISAT, S.L.:

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 41738.48 .- Baixa (%): 23,99
(Temeraria) .- Puntuación: 96,97

CIF: B15120876 T Y C CANOSA, S.L.:

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 52303.53 .- Baixa (%): 4,75.-
Puntuación: 22,17

CIF: B70446182 URESPA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.:

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 47224.19.- Baixa (%): 14,00.-
Puntuación: 65,33

CIF: A66141185 VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.:

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 41875.77.- Baixa (%): 23,74
(Temeraría).- Puntuación: 96,22

Vista a táboa de resultados da valoración descrita do Programa da Deputación, observase a existencia de baixa temeraria na oferta de:

CIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.:
Prezo : 42727.27 .- Baixa (%): 22,19 (Temeraria).- Puntutación: 91,57

CIF: B15480403 OCISAT, S.L.:
Prezo: 41738.48 .- Baixa (%): 23,99 (Temeraria) .- Puntutación: 96,97

CIF: A66141185 VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.:
Prezo: 41875.77.- Baixa (%): 23,74 (Temeraría).- Puntuación: 96,22

De conformidade co estipulado no punto 15.4 dos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen para a contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), das obras comprendidas nos plans provinciais,

A MESA por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

1.- EFECTUAR REQUERIMIENTO á empresa incurso en baixa temeraria

CIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.:

Prezo : 42727.27 .- Baixa (%): 22,19 (Temeraria).- Puntutación: 91,57

para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES xustifique a oferta, acompañando a documentación e tendo en conta o que se refire no apartado 15.4.3 e 15.4.4. da presente cláusulas (15.4).

2.- EFECTUAR REQUERIMIENTO á empresa incurso en baixa temeraria

CIF: B15480403 OCISAT, S.L.:

Prezo: 41738.48 .- Baixa (%): 23,99 (Temeraria) .- Puntutación: 96,97

para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES xustifique a oferta, acompañando a documentación e tendo en conta o que se refire no apartado 15.4.3 e 15.4.4 da presente cláusulas (15.4).

3.- EFECTUAR REQUERIMIENTO á empresa incurso en baixa temeraria

CIF: A66141185 VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.:

Prezo: 41875.77.- Baixa (%): 23,74 (Temeraría).- Puntuación: 96,22

para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES xustifique a oferta, acompañando a documentación e tendo en conta o que se refire no apartado 15.4.3 e 15.4.4 da presente cláusulas (15.4).

Realizados os correspondentes requerimentos ás empresas incurso en baixa, a empresa OCISAT S.L, non presenta xustificación da baixa, as empresas VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U e EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.

presentan en prazo a documentación para a xustificación da baixa; que se remite á oficina técnica de obras e urbanismo municipal, e o arquitecto técnico municipal emite os informes nos que conclúe:

“**VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.**

...

que na documentación presentada pola empresa VIAQUA SAU, **queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada.**

.....”

EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, SL

“...

que na documentación presentada pola empresa EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ OBRAS SL, **queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada.**

...”

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade nesta sesión de 4.02.21, **ACORDA:**

Primeiro.- Considerando que a empresa máis vantaxosa economicamente (factor prezo) é **VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U**; que presenta unha **oferta de:** Precio sin IVA: 41.875,77 Euros. IVE.- 8.793,91 euros. **Prezo total: 50.669,68 euros, REQUERIR a dito licitador** para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación; do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación; incluía a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE; 2.093,79 euros); **aos efectos de poder serlle adxudicada a obra.**

De conformidade co punto 16.2 do citado prego, de non cumplimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o proposto licitador retira a súa oferta procedendo a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte.

Segundo.- Notificar o presente acordo a ” VIAQUA S.A.U”; a “EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ ” e OCISAT, S.L” para o seu coñecemento e efectos.

8º.- BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN ALBANEL (OFICIAL DE SEGUNDA) E SEIS PEÓNS ORDINARIOS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.-

Proposta de Alcaldía-Preisdneia referente , **as Bases específicas para a contratación laboral temporal de UN ALBANEL (oficial de segunda) e SEIS PEÓNS ORDINARIOS** en réxime laboral temporal:

“Vista a Resolución número 2020/42100, de data 18 de febreiro pola que se avoca a competencia para modificar as Bases Reguladoras do **Programa PEL CONCELLOS REACTIVA 2021, de Integración Laboral mediante a** contratación de persoal en risco de exclusión para a **execución de obras e servizos mínimos municipais** dos Concellos da Provincia de menos de 20.000 habitantes, incluído na **Liña 1.1. do Plan de Emprego Local 2021**, publicada en data 23 de Decembro do 2021 no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 220, a Excm. Deputación de A Coruña concede ao Concello de Valdoviño unha subvención por importe de 86.000,00 € para a execución de obras e servizos mínimos municipais, anualidade 2021.

É obxectivo do *Programa PEL CONCELLOS REACTIVA 2021* contribuír á xeración de emprego e actividade económica mediante a contratación de persoal en situación de exclusión laboral para a prestación dos servizos mínimos municipais e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

No contexto socioeconómico actual, marcado pola situación excepcional provocada pola pandemia do coronavirus COVID-19, é vontade da Deputación de A Coruña aliviar a carga económica dos concellos e fomentar a inserción laboral, a través do Plan de Emprego Local. Nesta situación maniféstanse unha serie de necesidades e carencias a nivel municipal que é preciso atender de maneira inmediata para garantir de xeito eficaz a seguridade e saúde dos cidadáns, especialmente nos centros educativos, e sempre ao abeiro do marco legal establecido na *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*.

Neste senso, conforme os antecedentes de feito reseñados e o enunciado no artigo 21. f) da *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* na súa redacción dada pola *Lei 11/1999, do 21 de abril* e a *Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local*, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Aprobar as BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN ALBANEL (OFICIAL DE SEGUNDA) E SEIS PEÓNS ORDINARIOS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.

PRIMEIRA.- Obxeto.

En virtude da Resolución número 2020/42100, de data 18 de febreiro pola que se avoca a competencia para modificar as Bases Reguladoras do **Programa PEL CONCELLOS REACTIVA 2021, de Integración Laboral mediante a** contratación de persoal en risco de exclusión para a **execución de obras e servizos mínimos municipais** dos Concellos da Provincia de menos de 20.000 habitantes, incluído na **Liña 1.1. do Plan de Emprego Local 2021**, publicada en data 23 de Decembro do 2021 no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 220, a Excm. Deputación de A Coruña concede ao

Concello de Valdoviño unha subvención por importe de 86.000,00 € para a execución de obras e servizos mínimos municipais, anualidade 2021.

Así, é vontade do *Programa PEL CONCELLOS REACTIVA 2021* contribuír á xeración de emprego e actividade económica mediante a contratación de persoal en situación de exclusión laboral para a prestación dos servizos mínimos municipais e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

Neste senso, é obxecto da presente convocatoria a contratación de un albanel oficial de segunda e seis peóns ordinarios, mediante o procedemento de concurso.

SEGUNDA.- Modalidade de contratación, duración do contrato, retribucións.

As contratacións serán a 75% da xornada completa e cunha duración de nove meses e medio, realizándose na modalidade de duración determinada previstas no artigo 15, apartados a) e b) do *Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público*. O horario se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizos municipais de luns a domingo.

Neste contexto, as retribucións brutas mensuais do albanel oficial de segunda ascenderán a 1.170,00 € e o salario bruto dos peóns ordinarios será 1.110,00€ mensuais, paga extra prorrateada para ambas categorías laborais.

TERCEIRA.- Tarefas a desenrolar polo persoal contratado.

As tarefas a desenrolar polo persoal laboral temporal contratado ao abeiro do *Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais, anualidade 2021, liña 1.1. PEL-CONCELLOS REACTIVA* subvencionado pola Deputación de A Coruña, estarán relacionadas cos servizos mínimos previstos no artigo 26.1.a) da *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local: alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso ao núcleo de poboación e pavimentación de vías públicas*. Tamén poderán executar pequenas obras de reparación e mantemento de parques públicos, en relación a biblioteca municipal ou tratamento de residuos, de conformidade ao recoñecido no apartado b) do citado artigo.

En definitiva, poderán desenrolar tarefas propias da súa capacitación profesional e vinculadas ao eido competencial dos municipios de menos de 20.000 habitantes.

CUARTO.- Requisitos das persoas aspirantes.

Os requisitos xerais para participar na convocatoria adecúanse ao determinado no artigo 56.1 do *Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto*

refundido do Estatuto Básico do Emprego Público, así como o disposto no artigo 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e que a continuación se detallan:

- a. Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo a citada lexislación, permita acceder ao emprego público. Neste senso, poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións que os españois, as persoas que posúan nacionalidade de outros estados membros da Unión Europea así como aquelas outras persoas, independentemente da súa nacionalidade que se atopen en algún dos suposto recoñecidos pola devandita lexislación.
- b. Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenrolo das correspondentes funcións ou tarefas.
- c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao exercicio de funcións públicas. No caso de ser nacional de outro Estado membro da Unión Europea, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado de procedencia, o acceso e exercicio de funcións públicas nos citados termos.
- e. As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego e figurar inscritos como demandantes de emprego nas Oficinas do INEM na data de inicio do proceso selectivo, así como atoparse en algunha das seguintes situacións de exclusión socio-laboral que se indican de seguido:
 - o Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
 - o Maiores de 45 anos.
 - o Parados de longa duración que, a efectos do presente programa, leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
 - o Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% e así recoñecido pola Administración Pública competente.
 - o Persoas en situación de drogodependencia.
 - o Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
 - o Persoas con fogar monoparental.
 - o Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
 - o Persoas vítimas de violencia de xénero.

- o Persoas sen fogar.

Tódolos requisitos indicados deberán acreditarse no intre de concorrer á sinatura do oportuno contrato laboral temporal e deberán referirse, en todo caso, á data de publicación das presentes bases reguladoras nun xornal dos de maior tirada comarcal e na páxina web municipal.

QUINTO.- Presentación de solicitudes.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación das presentes Bases nun xornal dos de maior tirada da Comarca e na páxina web do Concello de Valdoviño.

As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas deberán presentarse conforme ó modelo que figura no Anexo I ante a Oficina Xeral do Concello de Valdoviño e demais canles recoñecidas no artigo 16.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, e acreditar inescusablemente a seguinte documentación:

- a. Copia do Documento Nacional de Identidades ou Pasaporte.
- b. O xustificante de Demanda de Emprego, debidamente actualizado.
- c. A documentación acreditativa da situación de exclusión da persoa solicitante:

Mulleres	Fotocopia D.N.I.
Persoas maiores de 45 anos	
Persoas desempregadas de longa duración	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Fotocopia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente
Persoas en situación de drogodependencia	
Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego	
Persoas con fogar monoparental	
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	Informe dos Servizos Sociais municipais
Persoas vítimas de violencia de xénero	
Persoas sen fogar	

- d. As certificacións dos cursos realizados e baremables, según o enunciado no apartado seguinte.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, mediante Resolución de Alcaldía se aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos que se publicará no taboleiro de

edictos do Concello de Valdoviño e na páxina web municipal. Indicarase o motivo de exclusión e disporán dun prazo de 5 días naturais para emendar as deficiencias detectadas nas solicitudes, con indicación de que, si así non o fixera, se entenderá que a persoa solicitante desiste da súa petición, conforme o enunciado no artigo 68 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Tódalas subsanacións efectuadas serán aceptadas ou rexeitas na Resolución de Alcaldía que aprobe a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas, publicada no taboleiro de edictos do Concello de Valdoviño e na páxina web municipal que tamén determinará a composición do Tribunal avaliador -de non terse designado nun momento anterior- e o lugar, a data e a hora de realización do proceso selectivo detallado no apartado sexto das presentes Bases.

SEXTO.- Desenrolo do proceso selectivo.

O proceso selectivo será axustado aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade de conformidade ao previsto no *Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Emprego Público* e no resto do ordenamento xurídico. De igual xeito, o proceso selectivo se adecuará a os principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

Neste senso, o procedemento de selección do persoal laboral temporal será o **concurso** e o baremo aplicable se axustará a os seguintes criterios.

- a. Curso Prevención de Riscos Laborais (hasta 60 horas): 2 puntos.
- b. Curso Prevención de Riscos Laborais (hasta 30 horas): 1 punto.
- c. Curso de Coñecemento Medioambiental (hasta 20 horas): 2 puntos.
- d. Curso de Coñecemento Medioambiental (hasta 10 horas): 1 punto.
- e. Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas: 1 punto.

Polo tanto, esta fase será puntuada con un máximo de 4 puntos.

Tamén se establece a realización de unha **entrevista persoal** a tódolos candidatos para avaliar a idoneidade dos mesmos respecto as funcións xenéricas e tarefas específicas que deberán desenrolar ao abeiro do disposto no Programa de Integración Laboral subvencionado pola Deputación de A Coruña, anualidade 2020. De igual xeito, será avaliable o coñecemento persoal sobre o termo municipal de Valdoviño, lugares e parroquias. Está fase do concurso será valorada ata un máximo de 6 puntos.

SÉTIMO.- Tribunal Cualificador.

O órgano de selección será colexiado e a súa composición será axustada aos principios de imparcialidade e profesionalidade enunciados no *Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público*. Neste senso, o Tribunal cualificador determinado por Resolución de Alcaldía tenderá a paridade entre homes e mulleres, estará formado por un número impar de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo que deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso as prazas obxecto da presente convocatoria e non realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

A pertenza ao órgano de selección designado será a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Así, o Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou suplementes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario do órgano de selección designado.

O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que poidan xurdir e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes Bases. Os membros do órgano de selección percibirán asistencias polas sesións precisas para o correcto desenvolvemento e avaliación do citado proceso selectivo a realizar, según recoñece o *Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo*.

OITAVO.- Proposta de contratación.

Concluída a baremación dos méritos achegados e cualificación das entrevistas persoais, o Tribunal cualificador publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Valdoviño e na páxina web municipal a relación de persoas aspirantes por orde de puntuación total final.

A comisión seleccionadora elevará á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor das persoas aspirantes que obtiveran as puntuacións finais máis altas. Neste senso, o Tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas ou propostas.

No suposto de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos esixidos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou calquera outro suposto no que o aspirante non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo pola seguinte persoa aspirante na orde de puntuación acadada na listaxe definitiva, de conformidade a lexislación vixente. No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar as probas ou non presentarse ninguén a esta, o Alcalde queda autorizado a convocalo proceso novamente en cantas ocasións fose preciso, en consonancia ás presentes Bases reguladoras.

NOVENO.- Formalización do contrato.

O órgano competente da corporación procederá a formalización do contrato laboral temporal a favor das persoas aspirantes propostas pola comisión avaliadora que se efectuará dentro do prazo de cinco días naturais, a contar dende a data de notificación do acordo de contratación. Se a persoa interesada non formaliza o contrato no prazo indicado perderá tódolos dereitos adquiridos pola convocatoria e nomeamento conferido, quedando en situación de cesante. Así mesmo, será nula a contratación da persoa proposta que estea incurso en causa de incapacidade específica, conforme a normativa vixente.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Previa formalización e sinatura do contrato, a persoa aspirante deberá achegar a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, onde se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións propias do posto.
- Declaración xurada de non concorrer nas causas de incompatibilidade ou prohibición para ser empregado público.

No suposto de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora por causas alleas ao Concello de Valdoviño ou por non ter superado o período de proba establecido, poderase contratar a outra persoa que reúna os requisitos do programa. Comunicarase a Excm. Deputación de A Coruña dita modificación que non suporá variación na cantidade concedida e achegarse a documentación acreditativa da situación do nova persoa aspirante a contratar, conforme a orde de puntuación obtida na selección e o novo contrato estenderase polo prazo que quede para rematalo prazo da relación contractual.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

9º.-BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA AUXILIAR DE BIBLIOTECA EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA referente as BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA AUXILIAR DE BIBLIOTECA EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL

*“Vista a Resolución número 2020/42100, de data 18 de febreiro pola que se avoca a competencia para modificar as Bases Reguladoras do **Programa PEL CONCELLOS REACTIVA 2021, de Integración Laboral mediante a** contratación de persoal en risco de exclusión para a **execución de obras e servizos mínimos municipais dos Concellos da Provincia de menos de 20.000 habitantes, incluído na Liña 1.1. do Plan de***

Emprego Local 2021, publicada en data 23 de Decembro do 2021 no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 220, a Excm. Deputación de A Coruña concede ao Concello de Valdoviño unha subvención por importe de 86.000,00 € para a execución de obras e servizos mínimos municipais, anualidade 2021.

É obxectivo do *Programa PEL CONCELLOS REACTIVA 2021* contribuír á xeración de emprego e actividade económica mediante a contratación de persoal en situación de exclusión laboral para a prestación dos servizos mínimos municipais xerais así como a xestión de espazos culturais e biblioteca.

No contexto socioeconómico actual, marcado pola situación excepcional provocada pola pandemia do coronavirus COVID-19, é vontade da Deputación de A Coruña aliviar a carga económica dos concellos e fomentar a inserción laboral, a través do Plan de Emprego Local. Nesta situación maniféstanse unha serie de necesidades e carencias a nivel municipal que é preciso atender de maneira inmediata para garantir de xeito eficaz a seguridade e saúde dos cidadáns, especialmente nos centros educativos, e sempre ao abeiro do marco legal establecido na *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*.

Neste senso, conforme os antecedentes de feito reseñados e o enunciado no artigo 21. f) da *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* na súa redacción dada pola *Lei 11/1999, do 21 de abril* e a *Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local*, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Aprobar as **BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA AUXILIAR DE BIBLIOTECA EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL**.

PRIMEIRA.- Obxeto.

En virtude da *Resolución número 2020/42100, de data 18 de febreiro pola que se avoca a competencia para modificar as Bases Reguladoras do Programa PEL CONCELLOS REACTIVA 2021, de Integración Laboral mediante a contratación de persoal en risco de exclusión para a execución de obras e servizos mínimos municipais dos Concellos da Provincia de menos de 20.000 habitantes, incluído na Liña 1.1. do Plan de Emprego Local 2021*, publicada en data 23 de Decembro do 2021 no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 220, a Excm. Deputación de A Coruña concede ao Concello de Valdoviño unha subvención por importe de 86.000,00 € para a execución de obras e servizos mínimos municipais, anualidade 2021.

Así, é vontade do *Programa PEL CONCELLOS REACTIVA 2021* contribuír á xeración de emprego e actividade económica mediante a contratación de persoal en situación de exclusión laboral para a prestación dos servizos mínimos municipais.

Neste senso, é obxecto da presente convocatoria a contratación dun/dunha Auxiliar de Biblioteca, mediante o procedemento de concurso.

SEGUNDA.- Modalidade de contratación, duración do contrato, retribucións.

O contrato formalizarase baixo a modalidade de obra ou servizo de duración determinada (oito meses) a media xornada. O horario se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizos municipais de luns a domingo.

Neste contexto, as retribucións brutas mensuais do/a Auxiliar de Biblioteca ascenderán 1.170 €, paga extra prorrateada.

TERCEIRA.- Tarefas a desenrolar polo persoal contratado.

As tarefas a desenrolar polo persoal laboral temporal contratado ao abeiro do *Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais, anualidade 2021, liña 1.1. PEL-CONCELLOS REACTIVA* subvencionado pola Deputación de A Coruña, estarán relacionadas cos servizos mínimos previstos no artigo 26.1.b) da *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*, propias da súa capacitación profesional e vinculadas ao eido competencial dos municipios de menos de 20.000 habitantes.

CUARTO.- Requisitos das persoas aspirantes.

Os requisitos xerais para participar na convocatoria adecúanse ao determinado no artigo 56.1 do *Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Emprego Público*, así como o disposto no artigo 50 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia* e que a continuación se detallan:

- a. Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo a citada lexislación, permita acceder ao emprego público. Neste senso, poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións que os españois, as persoas que posúan nacionalidade de outros estados membros da Unión Europea así como aquelas outras persoas, independentemente da súa nacionalidade que se atopen en algún dos suposto reconecidos pola devandita lexislación.
- b. Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenrolo das correspondentes funcións ou tarefas.
- c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao

exercicio de funcións públicas. No caso de ser nacional de outro Estado membro da Unión Europea, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado de procedencia, o acceso e exercicio de funcións públicas nos citados termos.

- e. A persoa a contratar deberá estar en situación de desemprego e figurar inscrita como demandante de emprego nas Oficinas do INEM na data de inicio do proceso selectivo, así como atoparse en algunha das seguintes situacións de exclusión socio-laboral que se indican de seguido:
- o Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
 - o Maiores de 45 anos.
 - o Parados de longa duración que, a efectos do presente programa, leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
 - o Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% e así recoñecido pola Administración Pública competente.
 - o Persoas en situación de drogodependencia.
 - o Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
 - o Persoas con fogar monoparental.
 - o Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
 - o Persoas vítimas de violencia de xénero.
 - o Persoas sen fogar.

Tódolos requisitos indicados deberán acreditarse no intre de concorrer á sinatura do oportuno contrato laboral temporal e deberán referirse, en todo caso, á data de publicación das presentes bases reguladoras nun xornal dos de maior tirada comarcal e na páxina web municipal.

QUINTO.- Presentación de solicitudes.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación das presentes Bases nun xornal dos de maior tirada da Comarca e na páxina web municipal.

As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas deberán presentarse conforme ó modelo que figura no Anexo I ante a Oficina Xeral do Concello de Valdoviño e demais canles recoñecidas no artigo 16.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, e acreditar inescusablemente a seguinte documentación:

- a. Copia do Documento Nacional de Identidades ou Pasaporte.

- b. O xustificante de Demanda de Emprego, debidamente actualizado.
- c. A documentación acreditativa da situación de exclusión da persoa solicitante:

Mulleres	Fotocopia D.N.I.
Persoas maiores de 45 anos	
Persoas desempregadas de longa duración	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Fotocopia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente
Persoas en situación de drogodependencia	Informe dos Servizos Sociais municipais
Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego	
Persoas con fogar monoparental	
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	
Persoas vítimas de violencia de xénero	
Persoas sen fogar	

- d. Acreditación da experiencia laboral e certificación dos cursos realizados e baremables, según o enunciado no apartado seguinte.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, mediante Resolución de Alcaldía se aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos que se publicará no taboleiro de edictos do Concello de Valdoviño e na páxina web municipal. Indicarase o motivo de exclusión e disporán dun prazo de 5 días naturais para emendar as deficiencias detectadas nas solicitudes, con indicación de que, si así non o fixera, se entenderá que a persoa solicitante desiste da súa petición, conforme o enunciado no artigo 68 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Tódalas subsanacións efectuadas serán aceptadas ou rexeitas na Resolución de Alcaldía que aprobe a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas, publicada no taboleiro de edictos do Concello de Valdoviño e na páxina web municipal que tamén determinará a composición do Tribunal avaliador -de non terse designado nun momento anterior- e o lugar, a data e a hora de realización do proceso selectivo detallado no apartado sexto das presentes Bases.

SEXTO.- Desenrollo do proceso selectivo.

O proceso selectivo será axustado aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade de conformidade ao previsto no *Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Emprego Público* e no resto do ordenamento xurídico. De igual xeito, o proceso selectivo se adecuará a os principios de publicidade, concorrencia e non discriminación.

Neste senso, o procedemento de selección do persoal laboral temporal será o **concurso** e o baremo aplicable se axustará a os seguintes criterios.

a. Experiencia profesional na área de Biblioteca e/ou Cultura (máximo 6 puntos).

Por acreditar experiencia laboral na administración pública ou empresa privada, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta: 0,10 puntos por mes traballado.

No caso de acreditación de períodos por días, un mes virá determinado pola acumulación de 30 días de traballo.

b. Formación na área de Biblioteca e/ou Cultura (máximo 4 puntos).

- o Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración laboral organizados ou financiados polas administracións públicas, desenvolvendo funcións relacionadas co posto ao que se opta: 1 punto.
- o Por acreditar a realización de cursos de formación impartidos polas administracións públicas, universidades, sindicatos, INEM e relacionados co posto de traballo a desenrolar:
 - Curso de máis de 100 horas: 1 punto.
 - Curso de duración comprendida entre 50 e 100 horas: 0,50 puntos.
 - Curso de duración comprendida entre 5 e 49 horas: 0,20 puntos.

Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas. Asimesmo, a asistencia a xornadas e simposios non será obxecto de puntuación.

Tamén se establece a realización de unha **entrevista persoal** a tódalas persoas candidatas para avaliar a idoneidade das mesmas respecto as funcións e tarefas xenéricas referidas a xestión de espazos culturais que deberán desenrolar ao abeiro do disposto no Programa de Integración Laboral subvencionado pola Deputación de A Coruña, anualidade 2021. De igual xeito, será avaliable o coñecemento persoal sobre o termo municipal de Valdoviño, lugares e parroquias. Está fase do concurso será valorada ata un máximo de 10 puntos.

SÉTIMO.- Tribunal Cualificador.

O órgano de selección será colexiado e a súa composición será axustada aos principios de imparcialidade e profesionalidade enunciados no *Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público*. Neste senso, o Tribunal cualificador determinado por Resolución de Alcaldía tenderá a paridade entre homes e mulleres, estará formado por un número impar de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo que deberán posuír un nivel de

titulación igual ou superior á esixida para o acceso a praza obxeto da presente convocatoria e non realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

A pertenza ao órgano de selección designado será a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Así, o Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou suplementes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario do órgano de selección designado.

O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que poidan xurdir e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes Bases. Os membros do órgano de selección percibirán asistencias polas sesións precisas para o correcto desenvolvemento e avaliación do citado proceso selectivo a realizar, según reconece o *Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo*.

OITAVO.- Proposta de contratación.

Concluída a baremación dos méritos achegados e cualificación das entrevistas persoais, o Tribunal cualificador publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Valdoviño e na páxina web municipal a relación de persoas aspirantes por orde de puntuación total final.

A comisión seleccionadora elevará á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor da persoa aspirante que obtivera a puntuación final máis alta. Neste senso, o Tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas ou propostas.

No suposto de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos esixidos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou calquera outro suposto no que o aspirante non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo pola seguinte persoa aspirante na orde de puntuación acadada na listaxe definitiva, de conformidade a lexislación vixente. No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar as probas ou non presentarse ninguén a esta, o Alcalde queda autorizado a convocalo proceso novamente en cantas ocasións fose preciso, en consonancias ás presentes Bases reguladoras.

NOVENO.- Formalización do contrato.

O órgano competente da corporación procederá a formalización do contrato laboral temporal a favor da persoa aspirante proposta pola comisión avaliadora que se efectuará dentro do prazo de cinco días naturais, a contar dende a data de notificación do acordo de contratación. Se a persoa interesada non formaliza o contrato no prazo indicado perderá tódolos dereitos adquiridos pola convocatoria e nomeamento conferido, quedando en situación de cesante. Así mesmo, será nula a contratación da persoa

proposta que estea incurso en causa de incapacidade específica, conforme a normativa vixente.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Prevía formalización e sinatura do contrato, a persoa aspirante deberá achegar a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, onde se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións propias do posto.
- Declaración xurada de non concorrer nas causas de incompatibilidade ou prohibición para ser empregado público.

No suposto de extinción da relación laboral por causas alleas ao Concello de Valdoviño ou por non ter superado o período de proba establecido, poderase contratar a outra persoa que reúna os requisitos do programa. Comunicarase a Excm. Deputación de A Coruña dita modificación que non suporá variación na cantidade concedida e achegarase a documentación acreditativa da situación do nova persoa aspirante a contratar, conforme a orde de puntuación obtida na selección e o novo contrato estenderase polo prazo que quede para rematalo prazo da relación contractual.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

VIA URXENZA.-

Aprobase a urxenza do seguinte punto da Orde do Día, aprobada por unanimidade da Xunta de Goberno Local.-

.- CONTRATO MENOR PARA SERVICIO DE ASISTENCIA Á XESTIÓN TRIBUTARIA.-

Vista oferta presentada para o servizo de asistencia á xestión tributaria “LOCALIZACIÓN DE BOLSAS TRIBUTARIAS OCULTAS EN LA TASA POR OCUPACIÓN DEL SUELO, SUBSUELO Y VUELO EN LA VIA PÚBLICA” por la empresa “GEMWEB”, coas condicións que dita empresa establece para dita revisión da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo na via pública; segundo proposta efectuada pola mesma,

A Xunta de Goberno Local, previa deliberación, por unanimidade acorda tomar coñecemento de dita proposta á espera de analizar dita proposta; condicionada en todo caso a a pagar cando cobremeoseque e que nunca poderá exceder o límite do contrato menor.

Apróbase por unanimidade da Xunta de Goberno Local a urxenza, dado a proximidade das datas do entroido.

.-APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO DE ENTROIDO EN REDES 2021 DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.

Proposta de Alcaldía

“Dadas ás circunstancias especiais nas que nos encontramos, e con ánimo de non renunciarmos a unha actividade tan especificamente nosa como é a celebración do Entroido, o Concello de Valdoviño convida a todos os seus veciños a sumarse á iniciativa que se poñerá en marcha este ano a través das redes sociais do Concello coa intención de preservar este evento e coa confianza de poder o vindeiro ano retomar a celebración do xeito acostumado polo que

SE PROPÓN

A aprobación das bases que rexirán no Concurso Entroido en Redes 2021 do concello de Valdoviño atendendo á documentación que se adxunta ,

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.
Valdoviño, 3 de febreiro de 2021.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández”

Bases da convocatoria

“CONCELLO DE VALDOVIÑO. ENTROIDO 2021

Debido ás circunstancias especiais nas que nos encontramos, e con ánimo de non renunciarmos a unha actividade tan especificamente nosa como é a celebración do Entroido, o Concello de Valdoviño convida a todos os seus veciños a sumarse á iniciativa que se poñerá en marcha este ano a través das redes sociais do Concello, coa intención de preservarmos este evento e coa confianza de poder o vindeiro ano retomar a celebración do xeito acostumado.

O ENTROIDO EN REDES.

1. Poderase participar nas seguintes categorías :
Fotografía individual menores (De 0 a 14 anos)
Fotografía individual maiores (De 15 anos en adiante)
Fotografía grupo mixto (convivintes de todas as idades).
Vídeo individual maiores (Maiores de 18 anos)
Vídeo grupo mixto (convivintes de todas as idades)

2. Os interesados poderán participar en varias categorías sempre e cando o disface sexa claramente diferente en cada unha das mesmas, isto é: non serán considerados como válidos a presentación en varias categorías de fotografías ou vídeos da mesma persoa usando o mesmo disface aínda que sexa con distintos complementos.

A /s persoa/s poderán tamén participar na mesma categoría todas as veces que queiran considerando as anotacións do punto anterior.

3. Para participaren, os interesados deberán enviar entre o 13 e o 17 de febreiro as fotografías e/ou vídeos ao seguinte número de whatsapp 645305222 indicando a palabra ENTROIDO seguido do seu nome e apelidos. Deberán asimismo cumprimentar a folia de solicitude de participación que estará colgada na páxina web do Concello de Valdoviño www.concellodevaldovino.com e enviala cumprimentada ao correo cultura@concellodevaldovino.com poñendo no asunto ENTROIDO 2021. Na Solicitude de participación terá que facer constar os seguintes datos nome e apelidos dos participantes, concello de empadramento, teléfono, categoría na que concurra, autorización para cesión de imaxes e autorización de participación se fose menor.

NON SERÁN TIDAS EN CONTA AS FOTOGRAFÍAS E VÍDEOS DAS QUE NON SE ENVIASE FOLIA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN a través do correo indicado.

4. As fotografías e vídeos presentados correctamente mostraranse nas redes sociais do Concello de Valdoviño os días 18 e 19 de febreiro.
5. Todas as fotografías e vídeos enviados participarán nun concurso no que serán elixidas as mellores fotografías e vídeos do ENTROIDO 2021 por un xurado formado por persoal municipal da Área de Cultura do Concello de Valdoviño.
6. As tres mellores fotografías e vídeos de cada categoría recibirán vales para consumo en comercio local segundo se indica :

Fotografía individual menores (De 0 a 14 anos). Tres vales para as tres mellores fotos por importe de 50,00 euros cada un para consumo en empresa local.

Fotografía individual maiores (De 15 anos en adiante). Tres vales para para as tres mellores fotos por importe de 50,00 euros cada un para consumo en empresa local.

Fotografía grupo mixto (convivintes de todas as idades). Tres vales para as tres mellores fotos por importe de 50,00 euros cada un para consumo en empresa local.

Vídeo individual maiores (Maiores de 18 anos). Tres vales para as tres mellores fotos por importe de 100,00 euros cada un para consumo en empresa local.

Vídeo grupo mixto (convivintes de todas as idades). Tres vales para as tres mellores fotos por importe de 100,00 euros cada un para consumo en empresa local.

7. O veredicto do xurado darase a coñecer o día 26 de febreiro. No caso de que algunha categoría careza de participantes ou non se entreguen todos os vales de consumo na mesma, o xurado poderá tomar a decisión de destinar o importe deses vales a outras categorías da maneira que estime oportuno e sempre sen superar o importe estipulado.
8. Pregamos que na medida do posíbel se elaboren os disfraces con materiais e obxectos dos que se dispoñan nas propias casas, polo que a orixinalidade e creatividade serán puntos a ter en conta.
9. Na categoría de disfraz en grupo será preciso que haxa unha temática común que englobe a todos os disfrazados.
10. Os que se presenten a categoría de vídeos realizarán unha gravación cunha duración máxima de 30 segundos.
11. As fotografías e vídeos teñen que ser tomados no presente ano 2021.
12. Dado o carácter humorístico desta festa tradicional, o Concello de Valdoviño non asumirá responsabilidade algunha acerca dos disfraces participantes, non obstante , non se aceptarán fotografías e vídeos que reflectan comportamentos ilegais, vexatorios ou de mal gusto que excedan o espírito crítico, satírico e lúdico do Entroido.

Valdoviño, a 1 de febreiro de 2021.
Alcalde,
Alberto González Fernández.”

Solicitud

“FOLLA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO ENTROIDO 2021 DO CONCELLO DE VALDOVIÑO Entroido en Redes

SINALE CUN “X” a-s categoría-s na-s que participe

- Fotografía individual menores (De 0 a 14 anos):
- Fotografía individual maiores (De 15 anos en adiante):
- Fotografía grupo mixto (convivintes de todas as idades):
- Vídeo individual maiores (Maires de 18 anos):
- Vídeo grupo mixto (convivintes de todas as idades):

NOME PARTICIPANTE:

NOME DO TITOR-A LEGAL DO PARTICIPANTE SE É MENOR DE IDADE:

**CONCELLO DE EMPADROAMENTO:
TELÉFONO:**

O participante ou titor-a en caso de ser menor de idade **AUTORIZA:**

Ao Concello difusión nos Medios de Difusión cos que traballe habitualmente: Redes Sociais, Prensa... Igualmente acepta todo estipulado nas Bases do Entroido do Concello de Valdoviño 2021.

Sinatura:
Asinado:"

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou as bases do concurso do entroido en redes 2021 do Concello anteriormente transcrita

PARTE DE ACTIVIDADE

10º.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.-

Asistentes:

Alberto González Fernández - Presidente

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Alejandro Antonio Garcia Sousa (a través de videoconferencia)

Jessica Sabín Fernández

Continúase coas medidas últimamente implantadas e sen novidades que destacar e a espera de calquera nova medida que se adopte.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar , sendo as dez horas e corenta minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente , e coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

Documento asinado dixitalmente á marxe pola Secretaria Municipal e polo Alcalde

CVD: PVCi4iz8CFRs2VDNuVvC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.